



Durante a realización do traballo as persoas estamos en contacto con unha serie de factores que en determinadas circunstancias poden producir danos a saúde.

Estes danos pódense producir de forma súbita (accidentes de traballo) ou pola exposición, máis ou menos continuada, a certos axentes de orixe químico, físico, biolóxico e psicosocial (enfermidades profesionais).

Os servizos de prevención son os encargados de levar a cabo as actividades preventivas dirixidas a salvagardar a saúde dos traballadores. O punto de partida da actividade preventiva é a avaliación de riscos dos postos de traballo, xa que nela se recolle a información necesaria para implantar medidas de prevención, programar a formación en prevención de riscos laborais e planificar a vixilancia da saúde dos traballadores.

Para máis información diríxete á túa unidade de prevención de riscos laborais



aprobado pola Comisión Central de Seguridade e Saúde do Sergas



VST  
vixiancia da saúde  
dos traballadores

#### Referencias legislativas e técnicas

- Lei 31/1995 de Prevención de riscos laborais (LPRL)
- Lei 14/1986 Xeral de sanidade
- RD 39/1997, Regulamento dos servizos de prevención (RSP)
- RDL 1/1994, Ley General de la Seguridad Social (LGSS)
- Orde de 10 de setembro de 1999 da Consellería de Sanidade



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

XUNTA DE GALICIA



## Que é...

A vixilancia da saúde é un conxunto de actuacións orientadas á identificar os problemas de saúde dos traballadores e a súa relación coas condicións de traballo. É, polo tanto, unha fonte de información imprescindible para a avaliación de riscos e para o control da eficacia das medidas preventivas.

Ten que ser feita por especialistas en Medicina do Traballo e por enfermeiros de empresa do servizo de prevención.

## Obxectivos

### Individuais:

- Identificar os traballadores con susceptibilidade individual fronte aos riscos do posto de traballo.
- Detectar precozmente os danos á saúde producidos polas condicións de traballo

### Colectivos:

- Avaliar o impacto das condicións de traballo sobre o conxunto de traballadores e poder desenvolver plans ou programas de acción
- Alertar sobre situacións de risco
- Avaliar a eficacia do plan de prevención

## Como ten que ser?

- 1 Voluntaria** para o traballador agás que:
  - Os recoñecementos sexan indispensables para avaliar os efectos das condicións de traballo
  - A saúde do traballador poida constituir un risco para el ou para terceiros
  - Estea exposto a riscos especificamente regulados: benceno, amianto, ruído, radiacións ionizantes, etc
- 2 Confidencial:** o médico do traballo informará a cada traballador dos seus resultados. A dirección e os representantes dos traballadores soamente poden coñecer os resultados globais do conxunto de traballadores. Por outro lado, o médico informará á dirección sobre si o traballador é apto ou non para o seu posto de traballo así como das medidas de prevención ou protección que estean indicadas en cada caso.  
Os resultados da vixilancia da saúde non poden ser utilizados con fins discriminatorios ou en prexuízo do traballador.
- 3 Específica:** para cada posto de traballo establecerase un protocolo específico de acordo cos riscos identificados na avaliación. A protocolización da vixilancia da saúde permite superar os exames médicos rutinarios, facilita o estudo dos problemas de saúde especificamente relacionados co risco laboral e garante unha actuación homoxénea e cientificamente rigorosa. Non se debe polo tanto confundir con consultas médicas de detección de enfermidades comúns, que non teñen relación co traballo e que corresponde facer ao médico de familia.
- 4 A normativa** en prevención non permite utilizar o servizo de prevención para facer control de absentismo.



## Cando hai que facela?

- Inicialmente, no momento da incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos
- Tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde
- A intervalos periódicos dependendo do risco (características, intensidade, etc.) e do traballador (susceptibilidade individual,...). A periodicidade estará recollida nos protocolos específicos para cada posto. Non é certo polo tanto que sexa obrigatorio facer un recoñecemento anual.
- Nalgúns casos a vixilancia da saúde prolongarase incluso unha vez finalizada a exposición laboral, como é no caso de exposición a canceríxenos e dalgúns axentes biolóxicos.

## Que hai que facer cando se detecta un dano á saúde como consecuencia do traballo?

- O médico xunto co resto dos técnicos de prevención analizarán conxuntamente a situación para valorar a necesidade de revisar a avaliación de riscos e a eficacia das medidas preventivas implantadas. A partir de aquí, o primeiro paso sería actuar sobre os factores de risco do posto de traballo eliminando ou reducindo a probabilidade de que os traballadores sufran accidentes ou enfermidades.
- A vixilancia da saúde non pode utilizarse en substitución das medidas para evitar ou controlar a exposición aos riscos debendo priorizar medidas que beneficien ao conxunto de traballadores sobre accións de carácter individual. O cambio do traballador a outro posto de traballo ha ter un carácter excepcional e será sempre o último recurso.
- É importante que, ademais da vixilancia planificada polo servizo de prevención, acudas ao médico do traballo cando consideres que tes unha doenza que pode ter relación co traballo xa que a detección precoz dos danos e dos factores de risco é fundamental para unha correcta actuación preventiva. A túa participación é polo tanto imprescindible.

